

## NOTIFICACIÓN

<b>Expediente</b>	<b>2020016710</b>	<b>Subvención</b>
<b>Asunto</b>	Subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte 2020. Orzamento municipal 2020 / para o fomento e promoción, en xeral, da Educación Física e do Deporte.	

O concelleiro delegado dá Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas aprobou o día 26.11.2020, a seguinte resolución:

“Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado con data 17 de novembro de 2020 e que literalmente di :

**“Informe proposta para a adxudicación das subvencións para o fomento e promoción, en xeral, da Educación Física e do Deporte., en réxime de concorrencia competitiva**

Con data 30.07.2020 o Concello Pleno aprobou as bases reguladoras do programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte (ano 2020), así como o gasto, a convocatoria pública e a remisión dun extracto de dita convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no BOP da Coruña a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS).

Con data 11.08.2020 publícase no BOP nº 127 extracto da convocatoria.

Con data 28.08.2020 remitiuse á BDNS (521863) o extracto da convocatoria e as Bases reguladoras.

Con data 3.09.2020 publícase no BOP nº 144 o extracto da convocatoria.

Durante o prazo establecido nas bases para a presentación de solicitudes recibíronse 32 solicitudes dentro do prazo de presentación.

Revisada a documentación presentada en prazo (32 solicitudes) requiriuse a subsanación da documentación incompleta concedendo a tal efecto un prazo de 10 días hábiles, ao abeiro do punto 8.3 das bases do programa:

“Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, a Concellería de Deportes requirirá ao interesado para que subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles coa indicación de que se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”.

Todas as entidades deportivas adxudicatarias de subvención presentan declaración responsable sobre o cumprimento do establecido no art. 14 da lei Xeral de Subvencións 38/2003 do 17 de novembro, obrigas dos beneficiarios e declaración responsable de que a persoa ou entidade solicitante non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e documentación acreditativa vixente conforme se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello, AEAT, ATRIGA, e Seguridade Social.

Todas as entidades deportivas adxudicatarias de subvención non teñen pendente de xustificar ou reintegrar ningunha subvención outorgada pola Concellería de Deportes, tendo transcorrido o prazo para facelo.

Con data 16.11.2020 reúnese a Comisión de Valoración elixida a tal efecto, quen acorda aprobar o cadro resumo de valoración das 32 entidades deportivas valoradas.

Por todo o anterior, **proponse:**

PRIMEIRO.- Adxudicar as seguintes subvencións resultantes do procedemento en réxime de concorrencia do “Programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte. Ano 2020”.

- Adxudicatarios:

Nome	NIF/CIF	Importe subvención concedida	Coefficiente de financiamento do Concello %
CIRCULO MERCANTIL INDUSTRIAL CLUB DE CAMPO	EG15027410	4.000 €	39
CASINO FERROLANO TENIS CLUB	G15049901	1.554 €	30
CIRCULO FERROLANO AJEDREZ	DEG15153976	6.710,38 €	33
CLUB GALICIA DE CARANZA S.C.D.R.	AG15158215	8.423,14 €	8
CLUB DE ATLETISMO RIA DE FERROL	DEG15203219	3.897,53 €	37
CD ESQUIO FERROL	G15238678	4.748,65 €	11
CLUB NATACION FERROL	G15245038	9.561,78 €	6
CLUB MARINA FERROL	G15250244	8.791,2 €	10
A.C.R.D. GRUPO BAZAN	G15277957	7.450,02 €	19
O PARRULO FS	G15302136	6.967,5 €	21
SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA RECREATIVA ANIMAS	AG15305998	2.925 €	15
CLUB TIRSO DE MOLINA	G15310287	2.990 €	38

CLUB PIRAGUISMO COPACABANA	G15321854	3.000 €	28
CLUB RACING SAN PEDRO	G15323272	1.080 €	40
MANDIA C.F.	G15345267	1.000 €	25
CLUB BUNKAI	G15576614	4.395,62 €	15
CLUB BALONCESTO COSTA ARTABRA	G15628894	8.421,28 €	9
CLUB UNIVERSITARIO DE FERROL	G15659261	6.067,87 €	24
CLUB ESGRIMA TRES ARMAS	G15695505	2.700 €	40
ESCOLA FERROLA DE XADREZ	G15721962	3.074 €	40
CLUB RENBU-KAN	G15773112	4.000 €	7
CLUB SINCRO FERROL	G15924475	4.116,45 €	22
CLUB ARCO-FERROL	G15929516	2.000 €	26
CLUB TRIATLON FERROL	G70087192	3.505,65 €	33
IRMANDIÑOS CLUB BALONCESTO	G70264007	1.700 €	38
CM HOCKEY FERROL	G70306022	3.253,25 €	28
BASKET SCHOOL FERROL	G70307103	3.000 €	11
NATIVOS SURF CLUB FERROL	G70470497	2.588,29 €	40
CPA INERCIA	G70488762	3.025,39 €	34
DG FIGHTERS TEAM	G70510672	2.800 €	34
ASOCIACIÓN DEPORTIVA AMIGOS DEL BASKET FERROL	G70511027	1.548 €	40
CARANZA FUTBOL SALA	G70593587	705 €	33

**TOTAL ..... 130.000 €**

- Obxecto da subvención: **para o fomento e promoción, en xeral, da Educación Física e do Deporte.**
- Importe: **130.000**
- Partida: **05004 3411 48000 RC N.º 220103609 ref: 1527**
- Outras características:

O prazo máximo de xustificación finaliza o 31 de xaneiro de 2021 (punto 12.2 das bases).

Para determinar o cumprimento da finalidade básica da subvención será imprescindible que se den, de forma conxunta, os seguintes requisitos:

- En relación ao proxecto deportivo:

Desenvolvemento das actividades deportivas obxecto da subvención durante alomenos o 75% do período temporal obxecto da mesma (1 de xaneiro de 2020 a 31 decembro de 2020).

- En relación ao gasto:

	IMPORTE A XUSTIFICAR		DESVIACIÓNS DO COEFICIENTE DE FINANCIACION ( C.F)
ABOARASE O 100% DO IMPORTE ADXUDICADO	Xustificación correcta do 100% do importe adxudicado	e	Desviacións ata un + 10% do C.F. entre o estado de gastos presentado na xustificación e a previsión de gastos presentada na solicitude
ABOARASE A PARTE PROPORCIONAL DO IMPORTE ADXUDICADO	Xustificación correcta dun gasto inferior ao 100% e polo menos o 50% do gasto adxudicado	ou	Desviacións maiores do + 10% e ata o + 50% do C.F. entre o estado de gastos presentado na xustificación e a previsión de gastos presentada na solicitude
NON SE ABOARÁ CANTIDADE ALGUNHA	Xustificación dun gasto menor o 50% do gasto adxudicado	ou	Desviacións superiores o + 50% do C.F. entre o estado de gastos presentado na xustificación e a previsión de gastos presentada na solicitude

“

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

**DECRETO.-** Examinei a anterior proposta e apróboa nos seus propios termos.”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Ferrol,

O Secretario Xeral